

CORRECCIÓN DE ERROS. Resolución do 20 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nos grupos I categoría 4, grupo II categoría 7 e grupo III categoría 2 de persoal laboral fixo da Axencia Galega

Advertidos erros na devandita resolución cómpre realizar as oportunas correccións no sentido que se indica a seguir:

No apartado I.3.1 que regula o pago das taxas, onde dicía

“Pagamento presencial: deberá imprimir o documento de pagamento (modelo 739), cubri-lo, asinalo e realizar o ingreso do importe da taxa en calquera das entidades financeiras colaboradoras autorizadas para a recadación de taxas e prezos na Comunidade Autónoma de Galicia, onde se lle facilitará un exemplar selado como xustificante.

Transferencia bancaria: poderá realizarse unha transferencia bancaria á conta ES63 2080 0388 2131 1000 2402. Como concepto deberá engadirse, respectando o formato que se indica, exclusivamente: NIF/NIE OPE 2022-GAIN”

Debe dicir:

“Realizarse o pago a través da Oficina Virtual da Axencia Tributaria de Galicia:

<https://ovt.atriga.gal/#!/categoria/?Cidad%c3%a1ns/11609730/4127328>

podendo facerse de forma presencial ou telemática. Acompañarase unha copia do xustificante do pago da taxa xunto coa solicitude. Na páxina web da Axencia Galega de Innovación publicaranse unhas indicacións sobre os códigos e o procedemento de pago.”